



## CONCELLO DE CHANTADA

*Praza de España, nº 1- 27500 CHANTADA. Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 //*

### **NOTA INFORMATIVA:**

Sobre o proceso selectivo para a provisión de dous Auxiliares da Policía Local en réxime laboral temporal para a tempada de verán do ano 2017 (BOP Lugo de data 16 de maio de 2017), infórmase ós aspirantes do seguinte:

1º - Para poder participar en todas e cada unha das probas de selección establecidas nas bases da convocatoria é obrigatorio que tódolos/as aspirantes asistan provistos/as do seu Documento Nacional de Identidade ou Pasaporte e o exhiban ante os membros do tribunal calificador cando lles sexa solicitado.

2º - Para a realización das probas de capacitación física é obrigatorio que tódolos/as aspirantes asistan provistos/as de roupa e calzado deportivo. Estas probas celebraranse no Campo de Fútbol do Sangoñedo, salvo causas de forza maior.

3º - No certificado médico esixido nas Bases da convocatoria deberase expresar claramente por parte do facultativo que o aspirante non padece enfermidade ou defecto físico que lle impida exercela función propia de Auxiliar da Policía Local así como de estar apto para a realización das probas físicas citadas nas bases da convocatoria publicadas polo Concello de Chantada no BOP Lugo de data 16 de maio de 2017.

4º - As datas de exames faranse públicas xunto coa publicación da lista definitiva de admitidos e excluídos.